

PLAN DE ADAPTACIÓN Á  
SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO  
2021-2022  
CPR AYALA

## Índice

1.	INTRODUCCIÓN.....	2
2.	MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS .....	3
3.	MEDIAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL.....	11
4.	MEDIDAS XERAIS DE LIMPEZA .....	17
5.	MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN COLECTIVA .....	20
6.	SUMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE PROTECCIÓN.....	21
7.	XESTIÓN DOS GROMOS.....	22
8.	ESCENARIOS NO SUPOSTO DOS GROMOS.....	24
9.	XESTION DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE.....	26
10.	MEDIDAS DE CARACTER ORGANIZATIVO .....	27
11.	MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS .....	33
12.	MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO.....	34
13.	MEDIDAS DE USO DE COMEDOR.....	34
14.	MEDIDAS ESPECIFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS.....	37
15.	PROTOCOLO PARA AS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA.....	40
16.	MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS.....	45
17.	MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL.....	47
18.	NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE .....	50
19.	PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO .....	53
20.	MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGOXICO .....	54
	ANEXO I: MODELOS DE CHECK LIST .....	56
	ANEXO II: CROQUIS AULA TIPO .....	58
	ANEXO III PLANOS DO CENTRO.....	61

# 1. INTRODUCCIÓN

## Obxecto

1.1. O presente protocolo ten por obxecto crear contornas escolares saudables e seguras mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse dende o inicio do desenvolvemento do curso escolar 2021/2022, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19. Inclúe as medidas de detección precoz dos casos e a súa xestión axeitada, así mesmo, en cumprimento do previsto na Orde da Consellería de Sanidade do 28 de agosto, incorpora, cando non estaban detalladas previamente, as medidas relativas a centros educativos declaradas como actuacións coordinadas en saúde pública, de acordo co establecido no artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e recollidas na Orde comunicada do ministro de Sanidade, do 27 de agosto de 2020, pola que se aproba a declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte ao COVID-19 para centros educativos durante o curso 2021/22. O documento é de aplicación aos centros públicos de ensino non universitario e, adaptado ás súas peculiaridades, aos centros privados concertados que imparten ensinanzas non universitarias.

1.2. O conxunto de medidas incluídas no presente protocolo foron examinadas polas autoridades sanitarias autonómicas, porén son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais. Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

1.3. As circunstancias que tiveron lugar con posterioridade ao 22 de xullo de 2020, versión inicial do documento, fan aconsellable realizar unha modificación en determinadas medidas que figuran a continuación en cada un dos epígrafes nos que se regulaban as medidas anteriores.<sup>2</sup>

## 2. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS

### Principios sanitarios básicos

2.1 De conformidade co establecido coas instrucións de carácter xeral ditadas pola Xunta de Galicia e coas previsións do “Plan de Reactivación no ámbito Infanto Xuvenil en relación coa infección polo VIRUS SARS-CoV 2” deberán terse en conta as seguintes medidas preventivas para evitar a aparición de novos gromos e eventualmente deter unha posible transmisión comunitaria e polo tanto adoptaranse medidas que permitan unha labor de vixilancia e monitoraxe continuas, tanto para a detección precoz de novos casos e dos seus contactos, como para o seguimento deles.

Para isto, adoptaranse as seguintes medidas:

- Con carácter xeral, a actividade lectiva será presencial para todos os niveis e etapas do sistema educativo, priorizándoa para o alumnado de menor idade, polo menos ata o cuarto curso da Educación Secundaria Obrigatoria
- A suspensión xeralizada da actividade lectiva presencial de forma unilateral por parte da Comunidade Autónoma, únicamente se adoptará diante de situacións excepcionais.
- Os centros educativos manteranse abertos durante todo o curso escolar asegurando os servizos de comedor, así como apoio lectivo a menores con necesidades especiais o pertencentes a familias socialmente vulnerables, sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita, en base as indicacións das autoridades sanitarias.
- Os centros educativos promoverán que as reunións de coordinación e aquelas outras actividades non lectivas que sexan posible, se realicen de forma telemática.
- En virtude do convenio entre ambas consellerías a todo o profesorado e persoal dos centros sostidos con fondos públicos realizaráselle un test de cribado da COVID-19 e de ser o caso completar o proceso diagnóstico de acordo co protocolo clínico, antes do inicio do curso, sen prexuízo doutros que poidan ser considerados, de ser o caso.

- Cada centro educativo deberá contar cun equipo formado na COVID-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias.

No noso centro o equipo COVID está formado por:

- Roberto Veres López
  - Olga Fernández Castrillón
  - M<sup>a</sup> Eugenia del Río Serantes
- 
- Os centros educativos terán un centro de saúde de atención primaria de referencia, no noso caso o Centro de Saúde de Narón, onde se poida poñer en contacto o responsable do equipo Covid do centro educativo para resolver calquera dúbida ou incidencia no centro.
  - No centro de saúde de Narón os sanitarios responsables do noso centro son:
    - Julia Leira Vivero
    - José María Villar Freire
  - O persoal docente e non docente do centro educativo deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS- CoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I no protocolo, que debe realizarse antes da chegada ao centro. A enquisa non ten que comunicarse aos centros educativos, senón que deberase adoptar polo persoal dos centros educativos as medidas oportunas en función do resultado da auto avaliación e comunicar ao centro a ausencia a través do Equipo Covid.

## 2A. Comunicacóns obrigatorias de sintomatoloxía ou de confirmación

2A.1. Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa COVID (polo menos unha das relacionadas no Anexo I) no persoal non docente e profesorado, non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento ao Equipo COVID. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro

de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.

2A.2. No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID. Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

O centro educativo informará, explicitamente e con confirmación de recepción da información, aos pais, nais e outras figuras parentais, ou ao alumnado maior de idade, de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo. Os centros educativos poden establecer mecanismos para a identificación de síntomas nos alumnos á entrada ao mesmo ou unha declaración responsable dos proxenitores ao inicio do curso escolar. Porén a medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.

2A.3. Ante a detección de síntomas compatibles coa infección por SARS-CoV- 2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica. Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo contará con ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables.

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

2A.4. Dende a Consellería de Educación habilitarase unha canle informática, denominada “EduCovid”, específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos estreitos dos posibles casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que o Centro de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.

A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os seguintes fluxos de información:

- No caso de comunicación ao centro educativo por parte do seu persoal ou de algún alumno/a da aparición dun caso confirmado, o equipo COVID do centro incluírá a información dos contactos estreitos do afectado/a, entre eles o compañeiros/as de aula, os máis próximos dentro da mesma e o profesorado que imparte clase nese grupo, os compañeiros/as do transporte e do comedor escolar, os compañeiros do transporte particular no que viaxan varios nenos do centro, así como aquela información sobre outros contactos vinculados ao centro educativo que poidan achegar voluntariamente os pais, nais ou titores/as legais. O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares terán que ser recollidos polo SERGAS. A mesma información será remitida cando o CSC, o SERGAS ou a xefatura territorial da consellería de Sanidade solicite información no caso de que exista casos sospeitosos por sintomatoloxía compatible con COVID 19 que estean a ser investigados ou nos que existan indicios de que teñan xurdido no centro educativo.
- No caso de que o Centro de Seguimento de Contactos (CSC) teña confirmación dun caso positivo dunha persoa que sexa alumno/a dun centro escolar ou dun

profesional que traballe no mesmo, incluíra a información na aplicación informática onde solo resultara visible para o equipo COVID do centro escolar.

- A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados con consentimento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.
- O equipo COVID de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.

2A.5. Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, as ausencias comunicadas derivadas da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.

#### **Número de alumnos por nivel, etapa educativa e profesorado asignado**

<b>Grupo</b>	<b>Nº alumnos</b>	<b>Profesores asignados</b>
4º EI	17	9
5º EI	18	9
6º EI	19	9
1º EP	21	9
2º EP	19	8
3º EP	25	8
4º EP	22	9
5º EP	24	8
6º EP	25	9
1º ESO	25	11
2º ESO	24	11
3º ESO	27	12
4º ESO	26	12



O noso centro está formado por un total de 25 docentes

### **Medidas específicas para os grupos estables de convivencia**

Por motivos de organización consideraremos a todos os grupos do centro como grupos estables de convivencia ou grupos burbulla, e dicir, grupos que non teñen contacto máis que con seus compañeiros de grupo. De tal maneira organizaranse todos os movementos do alumnado: entradas, recreos, saídas...Esta medida tomouse ao considerar que era o mellor para a saúde dos nenos/as e que sería a mellor opción para evitar o máximo posible os gromos.

### **Canle de comunicación co equipo COVID**

A comunicación co equipo COVID farase principalmente chamando ao teléfono do centro 981380394 de estar en horario lectivo.

De non estar en horario lectivo pódese chamar aos números dos membros do equipo COVID sendo sempre a opción preferente a do director.

- Roberto Veres López 699 644 333
- Olga Fdez. Castrillón 677 45 58 27
- M<sup>a</sup> Eugenia del Río Rodríguez, tlf: 616 484 851

Tamén poderá mandar un email ao correo do colexio [cpr.ayala@edu.xunta.es](mailto:cpr.ayala@edu.xunta.es) ou aos correos persoais de cada un dos membros do grupo COVID:

[jrveres@yahoo.es](mailto:jrveres@yahoo.es)

[olfeca@edu.xunta.gal](mailto:olfeca@edu.xunta.gal)

[mdel.rio@edu.xunta.gal](mailto:mdel.rio@edu.xunta.gal)

## **Tarefas asignadas**

### **Roberto Veres López**

- Nomeamento dos restantes membros do equipo COVID.
- Coordinador do equipo COVID.
- Comunicación coa administración
- Comunicación co centro de saúde de Narón para informar de calquera incidencia no centro ou preguntar calquera dúbida.
- Elaborar o “Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020 -2021” a partir do Anexo V do protocolo no que se determinan as concrecións de medidas para o centro educativo individualizado.”
- Acompañar o/a alumno/a ao espazo do centro asignado para illar persoas con síntomas compatibles, mentres non se realiza o traslado.
- Contactar coa familias
- Recibir información por parte das familias do resultado da proba.

### **Olga Fdez. Castrillón**

- Organizar a distribución do material de protección no centro educativo.
- Levar a contabilización e o inventario de material de protección e certificar os consumos e gastos producidos.
- Acompañar o/a alumno/a ao espazo de illamento COVID.
- Contactar coa familias
- Dispoñer dos datos do alumnado e do persoal do centro para poder trasladalo ás autoridades sanitarias).
- Recibir información por parte das familias
- Coordinación cos titores para o desenrolo da aula virtual
- Coordinación cos profesores titores para temas relacionados co COVID
- Informar a todos os membros da comunidade educativa sobre as medidas de protección individual e colectiva.

### **M<sup>a</sup> Eugenia del Río Serantes**

- Organizar a distribución do material de protección no centro educativo.
- Informar a todos os membros da comunidade educativa sobre as medidas de protección individual e colectiva.
- Coordinación cos profesores tutores para temas relacionados co COVID
- Coordinación cos tutores para o desenrolo da aula virtual
- Acompañar o/a alumno/a ao espazo de illamento COVID.
- Dispoñer dos datos do alumnado e do persoal do centro para poder trasladalo ás autoridades sanitarias).
- Informar a todos os membros da comunidade educativa sobre as medidas de protección individual e colectiva.

### **Rexistro de ausencias**

As ausencias do persoal rexistraranse na carpeta de rexistro de persoal, nun apartado da mesma onde se especifique “Ausencias por COVID”.

As ausencias do alumnado serán rexistradas polos seus tutores en primeiro lugar para pasalas despois os membros do equipo COVID e o Xefe de Estudos.

Calquera dos membros do equipo COVID serán os encargados de comunicar as autoridades sanitarias as incidencias empregando o procedemento que nos indiquen como preferente: teléfono, correo ou aplicación EDUCOVID.

### **3. MEDIAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL**

3.1A. Manterase unha distancia interpersonal, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.

En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo

3.1. A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula e cando menos de 1,20 para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarase dende o centro das cadeiras.

Todos os pupitres ou mesas colocaranse en liñas mirando cara a dirección do posto do/a profesor/a. Cando o tamaño da aula o permita, adoptarse a maior distancia posible entre pupitres. O alumnado terá o mesmo pupitre e a mesma cadeira durante todo o ano e manterá a mesma localización na aula. Os membros do equipo COVID terán uns croquis de cada aula coa situación de todos os alumnos do centro.

Todo os alumnos farán una desinfección das mans cando entren na súa aula. Recoméndase que ademais que dispoñan do seu xel hidroalcohólico e o seu rotulador por si precisan sair a pizarra.

Se o tamaño da aula non permitise as distancias previstas nos parágrafos anteriores adoptaranse as seguintes medidas:

- Retírase o mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula para tentar obter o máximo distanciamento posible e en todo caso garantir un mínimo dun metro.
- Sempre que sexa posible, utilizaranse aulas alternativas de especialidade que teñan maior dimensión, tales como laboratorios, aulas de música ou similares.

3.2. O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.

O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

A obriga contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.

Dentro da información a subministrar ás familias, ao alumnado e ao persoal dos centros incluírase a formación precisa sobre o uso correcto das máscaras, a súa duración ou necesidade de lavado e os sistemas de conservación e gardado durante períodos breves de non uso.

Na cartelería do centro existirá unha específica que lembre a formación sobre uso de máscaras.

O uso adicional de viseiras protectoras non é obrigado aínda que non se prohíbe para as persoas que voluntariamente as use.

3.3. Na etapa de Educación Infantil, e nas unidades e centros de educación especial, conformando grupos estables de convivencia, na aula traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisiones dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos traballarán cun distanciamento físico, con

carácter xeral, de polo menos 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usarase a máscara, poren para o profesorado e o persoal non docente que tena contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.

Nas escolas unitarias, aulas unitarias de CRA, unidades e aulas de centros de educación especial e aulas de educación infantil cun número entre 5 e 10 alumnos poderán establecer un único grupo colaborativo que coincidirá co grupo de convivencia estable.

3.3A. Nas etapas de Ensino Secundario Obrigatorio, Bacharelato e Formación Profesional establécense as seguintes medidas de conformación das aulas:

- a) Os postos escolares manterán unha distancia, con carácter xeral, de polo menos 1,2 metros respecto de todos os postos que o rodeen medidos dende o centro da cadeira. Se fose preciso retirárase outro mobiliario como andeis ou colgadoiros que limiten o espazo dispoñible.
- b) Os postos escolares estarán orientados nunha mesma dirección.
- c) Cando o tamaño da aula ou taller non permita a distancia, con carácter xeral, de 1,5 metros entre postos buscaranse espazos alternativos onde sexa posible gardala. Noutro caso, poderase habilitar o espazo dispoñible mediante a utilización de mamparas de separación sempre que se respecte unha distancia mínima de 1m respecto dos postos que o rodeen, medidos dende o centro da cadeira. Así mesmo, nos talleres de Formación Profesional e ensinanza de Réxime Especial, cando proceda, polas características da actividade e non se poida manter a distancia, con carácter xeral, de 1,5 metros, adoptaranse como medida adicional o uso de pantallas de protección facial.
- d) Cando non sexa posible ningunha das accións anteriores desdobrarase o grupo.

3.4. Os centros educativos deberán informar a todos os membros da comunidade educativa sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas, destacando:

- O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sacala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidro alcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.
- A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.
- A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.
- Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas.
- Habilitar dispensadores de solución hidro alcohólica na entrada e en espazos comúns.
- Aplicar medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada centro.
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.
- Instalación de portapanos desbotables nos aseos e espazos comúns.
- Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de **medidas de hixiene respiratoria:**

- Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.
- Para o alumnado do 2º ciclo de Educación Infantil priorizarase o uso de auga e xabón.

3.5. Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases, así como as que exixan unha especial proximidade.

Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse sen asistencia de público

3.6. Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste protocolo. Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.

O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Nas aulas ou no propio pupitre deberá existir un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.

3.7. Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.



3.8. Os usuarios dos espazos de atención ao público non poderán empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros materiais dos empregados públicos. Cando exista na portaría ou na administración do centro un espazo no que se distribúan formularios ou se entregue documentación que deba ser escrita facilitarase o material de escritura que deberá ser desinfectado polo usuario. Para estes efectos existirá ao carón un dispensador de xel hidro alcohólico. Nos supostos nos que exista un dispositivo informático a disposición do público xeral, cada usuario deberá desinfectalo antes do seu uso.

3.9 O uso de luvas limitarase ao persoal de limpeza no momento de utilizar substancias abrasivas para a pel, así como ao persoal Auxiliar Técnico Educativo naqueles usos de asistencia á hixiene persoal do alumnado atendido, tal e como se viña facendo antes da emerxencia sanitaria. As luvas serán postas, retiradas segundo a instrucións previstas na infografía. e refugaranse na fracción resto.

3.10 Para os efectos do previsto no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar entenderanse incluídas nos supostos do artigo 42 letras a), b) e d) coa consideración de condutas leves contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo. Polo que respecta ao profesorado e persoal non docente estarase ao previsto na súa normativa.

#### **4. MEDIDAS XERAIS DE LIMPEZA**

Do persoal de limpeza que xa traballa no centro en anos pasados haberá seguindo as indicacións da consellería sempre una persoa en horario de mañá para o curso 20/21. Esta persoa é a encargada da limpeza nos espazos que teñen una maior intensidade de uso e da limpeza dos aseos 2 veces ao día.

Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas elementos das cisternas e outros dos aseos.

Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos 2 veces ao día. En todo caso nos aseos existirá material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.

As medidas de limpeza estenderanse tamén, no seu caso, a zonas privadas dos traballadores, tales como áreas de descanso, vestiarios, taquillas, aseos, cociñas (onde se limpará todo o enxoval no lavalouzas, incluído o que non se teña usado pero teña podido estar en contacto coas mans dos estudantes).

Do mesmo xeito, realizarase unha limpeza e desinfección dos postos de traballo compartidos, en cada cambio de quenda, e ao finalizar a xornada, deixando que actúe o produto de limpeza, con especial atención ao mobiliario e outros elementos susceptibles de manipulación, sobre todo naqueles utilizados por máis dun usuario quen realizará ao finalizar o uso individual a limpeza dos elementos utilizados. Cada usuario ao terminar de utilizar un ordenador de uso compartido, limpará a superficie do teclado, do rato e da pantalla con xel desinfectante.

Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.

Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans. Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.

Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada 15 minutos ao remate de cada xornada (mañá e tarde), durante a totalidade dos recreos, cando menos 5 minutos entre clase e clase e de 2 a 5 minutos cada 15 a 20 minutos durante a duración destas. As portas das aulas deberán permanecer sempre abertas, coas ventas abertas para favorecer a circulación de aire e, especialmente se as ventas se atopan pechadas.

- Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
- Débese aumentar a subministración de aire fresco e non se debe usar a función de recirculación do aire interior.

Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador, profesor especialista, ou calquera outro) desinfectaranse as superficies usadas e ventilarase a aula ou sala polos menos 5 minutos logo de cada sesión.

En relación coa xestión dos residuos:

- Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” sexan refugados en papeleiras con bolsa ou contedores protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.
- Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).
- No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se

depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a debida limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

### **Distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas.**

O persoal de limpeza está composto por dúas persoas, unha en horario de mañá e outra en horario de tarde. A persoa do persoal de limpeza que traballa no turno de mañá será a encargada da hixenización de todos os lugares considerados de tránsito tales como: entradas, corredores, escaleiras e o recibidor do centro, tamén fará a desinfección dos baños tres veces ao día e realizará un percorrido por pasamáns, billas dos baños, pomos das portas, etc.

A persoa que traballa en horario de tarde é a encargada da hixenización de mesas e cadeiras una vez rematada a xornada lectiva, así como da desinfección do chan.

### **Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza.**

Todo o persoal de limpeza ten a obriga de usar mascarilla e luvas durante a súa xornada laboral.

### **Cadro de control de limpeza dos aseos.**

Ver Anexo I

### **Determinación dos espazos para a xestión de residuos.**

O centro dotouse con papeleiras de pedal para todas as aulas e espazos. Esas papeleiras recollerán os residuos derivados da hixenización das mans, mesas, cadeiras, restos de xeles hidroalcohólicos, etc. Será o persoal de limpeza, unha vez rematada a xornada lectiva, o que substitúa a bolsa plástica da papeleira por unha nova e desbote os restos

no lixo, sen perxuízo de facelo durante a xornada lectiva no caso de que se presente algún caso de persoa con sintomatoloxía compatible coa COVID 19.

## **5. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN COLECTIVA**

5.1.bis. O uso da máscara por todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva.

5.1. Nas entradas dos centros disporase de produtos de hixiene que permitan, tanto ao persoal do centro coma ao alumnado e usuarios dos espazos de atención ao público, realizar unha adecuada hixiene das mans.

5.2. En todas as aulas, na zona máis próxima á porta da mesma, colocárase un dispensador de xel hidroalcohólico.

5.3. Deben establecerse distancias mínimas de seguridade, coa excepción do caso das aulas sinalado anteriormente, de polo menos 1,5 metros, tanto nos accesos como nos espazos de atención ao público, para evitar a acumulación de persoas nas zonas de acceso, espera e atención ao público.

5.4. Nas mesas, mostradores e despachos de atención ao público, establecerase unha distancia mínima de 1,5 metros entre o usuario e o persoal, agás que se habiliten elementos de protección colectiva no posto no que se realiza a atención ao público (mamparas, mobiliario con altura suficiente para que sirva de barreira física, etc.).

## **6. SUMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE PROTECCIÓN**

6.1. A consellería realizará un aprovisionamento inicial de elementos de sinalización e máscaras de protección. Corresponde ao equipo formado na COVID-19, en colaboración coa secretaría do centro, o inventario das mesmas e arbitrar un mecanismo de distribución que acredite a súa entrega e o seu consumo para a actividade propia do centro.

6.2. Corresponde ao centro educativo, con cargo aos seus gastos de funcionamento, suplir o aprovisionamento de equipos de protección que non sexan centralizados pola consellería, en especial xel hidroalcohólico e os seus dispensadores, panos desbotables, materiais de limpeza e desinfección, mamparas para uso no comedor, papeleiras de pedal, impresión de cartelería e, cando resulten insuficientes, máscaras de protección.

6.3 O centro educativo arbitraré as medidas oportunas para que o inventario e contabilización dos custos deste material sexan individualizables respecto das restantes subministracións do centro, co obxecto de coñecer con detalle os sobrecostos derivados das medidas de prevención e hixiene ante o COVID-19 e vixiar o consumo axeitado do mesmo.

Corresponde ao equipo COVID en colaboración coa secretaría do centro distribuír ou organizar a distribución do material, levar a súa contabilización e inventario separado e certificar os consumos e gastos producidos.

## 7. XESTIÓN DOS GROMOS

No contexto deste protocolo, defínese gromo como a aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación nun determinado lugar, sendo sinónimo de abrocho ou brote.

7.1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

7.2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: *“Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos”*, e das *Instruccións publicadas o día 10 de setembro polo Ministerio de Sanidade*. en virtude das mesmas:

Levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado de acordo coas pautas establecidas no ANEXO VI: MODELO DE DOCUMENTO “PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO” dispoñible na páxina web do centro), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a abandonará o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo comunicará os datos do positivo ao centro de saúde de referencia e incluírá á rede de

contactos a través da aplicación “EduCovid” para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.

7.3. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

7.4 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.

7.5. Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.



## 8. ESCENARIOS NO SUPOSTO DOS GROMOS.

8.1. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", e co "Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2" publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entrar en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial polo un período de 14 días. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.
- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 deste protocolo.

8.2. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

8.3. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

8.4. Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

## **9. XESTION DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE**

9.1. De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para COVID-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa. O servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2.

## 10.MEDIDAS DE CARACTER ORGANIZATIVO

### Entrada

A entrada ao centro organizarase por etapas educativas, a saber:


- **Educación Infantil:** entrará polo portal pequeno e accederá ao centro as 8.45 pola porta lateral, a máis próxima as súas aulas. O alumnado será recollido por un profesor e trasladado a súa clase. O alumnado/a poderá ser acompañado por un familiar.

As familias, unha vez deixados/as nenos/as sairán polo portal da rúa Mestre D. Manuel e non polo portal pequeno.


- **Educación primaria:** arredor das 8.45 accederá ao recinto polo portal grande do “Bica e arrinca”. Agardará en ringleiras co resto dos seus compañeiros ata a hora de entrada que será a partir das 9h por quendas.

Non se permite a entrada ao centro das familias. Os alumnos serán recibidos polos un ou varios profesores no portal que axudarán a que os máis pequenos non teñan dificultades en atopar o seu sitio.

- **Educación Secundaria:** entrará polo portal situado na rúa Mestre D. Manuel que estará aberto dende as 8.45. As 9h todo o alumnado de secundaria deberá estar xa nas súas clases para non mesturarse co alumnado de EP que comeza a subir as súas aulas. O alumnado accederá directamente ao centro onde será recibido por un mestre de garda que lle recordará a hixienización de mans e a correcta circulación cara as súas aulas circulando sempre pola dereita.
- O alumnado que chegue tarde avisará o profesor de garda que dará as indicacións oportunas.



Saída das familias unha vez deixados os/as alumnos/as de Educación Infantil



## Saída


A saída terá lugar igualmente por etapas.

- **Educación Infantil** comezará a saída do centro a partir das 13.45h pola polo portal da rúa Mestre D. Manuel, sempre por quendas e evitando as aglomeracións.
- **Educación Primaria** comezará a saída as 13.45 comezando por 1º EP e rematando en 6º EP. A saída será pola porta do pavillón.
- **Educación Secundaria:** comezará a saída por quendas as 14.15h e sairá polo portal da rúa Mestre D. Manuel.

Para organizar as saídas haberá sempre profesorado de garda que ordenará as saídas e evitar que se formen agrupacións de alumnado no recinto.

Non se permite que ningún alumno quede xogando nos patios, as saídas terán que ser directamente ao exterior.







### **Colocación de cartelería e sinalética no centro.**

O centro dispón de sinalización no chan para indicar os carrís de subida e baixada nas escaleiras así como o movemento polos corredores do centro. Asemade, dispón de cartelería proporcionada pola consellería referidas a: consellos de hixiene, protección, mantemento da distancia de seguridade, etc.

### **Asignacións do profesorado encargado da vixilancia.**

O profesorado de garda nos recreos aumentará este ano e utilizaranse as horas non lectivas para encargarse da vixilancia nos corredores do centro para controlar especialmente o acceso os aseos e evitar que se xunten alumnos de distintos grupos.

### **PT e AL**

Os espazos para as clases de PT e AL son os asignados normalmente. Están ubicados no 2º andar e permiten as distancias xa que trabállase con grupos reducidos.

### **Titorías coas familias.**

As titorias coas familias faranse preferentemente vía telefónica. De existir una situación excepcional procurarase una titoría presencial que farase fora do horario lectivo e empregando un espazo amplo no centro (ximnasio, aula de informática...) para poder manter a distancia de seguridade.

### **Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello...)**

Empregarase principalmente o teléfono e o correo electrónico. De non ser posible farase una reunión fora do horario lectivo que terá lugar nun dos espazos habilitados no centro para ese fin.

## **11.MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS**

### **Previsións para a realización de actividades extraescolares fora da xornada lectiva.**

As actividades extraescolares no centro son organizadas pola ANPA. Este ano e por mor do COVID 19 decidiuse non realizar ningún tipo de actividade extraescolar.

### **Determinacións para as xuntanzas de ANPAs e Consello Escolar.**

Ditas xuntanzas faranse por medios telemáticos. De xurdir alguna situación excepcional farase una xuntanza presencial sempre fora do horario lectivo a nun espazo amplo habilitado para estas cuestións.

### **Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias.**

Ata este ano no comezo de cada curso realizábase una reunión xeral coas familias para informalas das novidades do curso que comeza. Este ano co fin de evitar aglomeracións de xente colgarase na páxina web do centro tanta información sexa posible e delegarase no profesores tutores a comunicación máis directa coas familias. Para iso utilizarase principalmente Abalar.

### **Normas para a realización de eventos.**

Para a realización de calquera actividade fora do centro procurarase que dita actividade sexa realizada por grupos individuais e así evitar que se mezclen alumnos de grupos distintos.

## **12.MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO**

O centro carece de servizo de transporte. Indicarase na páxina web do centro as indicacións necesarias para evitar as aglomeración de familias e alumnado unha vez rematada a xornada lectiva.

## **13.MEDIDAS DE USO DE COMEDOR**

13.1. Será obrigatorio o uso de máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos.

13.2. Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, especificamente manteranse os Grupos Colaborativos e Grupos de Convivencia Estable (GCE) conformados durante o horario lectivo. O alumnado ocupará sempre o mesmo sitio. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos/as nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.

13.3. O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen requisitos de distancia. Os grupos separaranse entre si de forma xenérica por 1,5 metros ou ben separaranse con mamparas.

13.4. Aquel alumnado que non constituía GCE estará separado, de forma xenérica, por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo ou ben separaranse por mamparas. Cando se utilicen mamparas estas terán altura suficiente e de, cando menos 0,60cm cando se sitúen sobre o mesado.

14.7. Cando con ningunha das combinacións previstas no apartado anterior sexa suficiente para garantir o servizo, as medidas a adoptar nos comedores por orde de prioridade ou combinadas, serán as seguintes:

a) Utilizar espazos colindantes ao comedor con mobiliario do que dispón os centros de xeito que se cumpran os requisitos previstos nos puntos anteriores.

b) Aumentar o número de quendas para reducir o aforo do comedor en cada momento da comida. As quendas estableceranse (incluíndo a flexibilización da última hora de horario lectivo) en función da capacidade horaria do transporte escolar, e do persoal dispoñible para atender aos comensais que será o adecuado ao rateo dos comensais que coman en cada quenda.

14.8. Os locais utilizados no servizo de comedor ventilaranse con ventilación cruzada cando menos 15 minutos antes e 15 minutos despois de cada quenda. As portas permanecerán abertas e se as circunstancias meteorolóxicas o permiten manterase unha mínima ventilación cruzada durante todo o servizo.

14.9. Os pratos serán individuais e non poderán ser compartidos entre o alumnado. A auga poderá servirse nunha soa xarra, pero deberá servila sempre unha mesma persoa. Non se poñerán na mesa utensilios de uso común, como aceiteiras e vinagreiras, cestos de pan para a mesa, etc...

O Equipo Covid do centro disporá dun plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a para garantir o control e seguimento epidemiolóxico. Levarase control diario da asistencia do alumnado ao comedor co mesmo fin.

14.12. Recolleranse os distintos grupos de convivencia estable na porta da aula e serán acompañados ao comedor, utilizando máscara polos corredores e mantendo o distanciamento entre os grupos.

14.13. Antes e despois de acceder ao comedor, o alumnado, mantendo o grupo de convivencia estable, deberá ir ao baño do andar que lle corresponda para realizar a hixiene de mans. Os centros garantirán a existencia de xabón e papel para secar as mans nos aseos, así como dispensadores de xel hidroalcohólico á entrada e saída dos comedores.

14.14. Será obriga do alumnado levar, como mínimo, unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

14.15. Será necesario ventilar o comedor tras cada quenda un mínimo de 15 minutos.

14.16. Cando remate a comida, o alumnado sairá por orden segundo están sentados nas cadeiras e agruparanse nos patios dos recreos, ou outros espazos habilitados para o efecto, ata que os familiares os recollan por grupos de convivencia estable ou grupos previos establecidos para tal fin, ou ata o inicio da actividade lectiva de tarde, nos casos de horario partido. Unha vez sexan recollidos polas familias, deberán abandonar o recinto escolar.

14.17. Para as entradas e saídas do centro ou para o inicio do servizo de comedor poderase flexibilizar o horario dentro da última hora lectiva. O equipo directivo determinará a saída por colectivos con distancias horarias, sempre que sexa posible.

14.18. O persoal colaborador respectará as rateos que correspondan ao número de alumnos/as presentes en cada unha das quendas.

14.19. O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús. O uso de luvas non é recomendable de forma xeral, pero si nas tarefas de limpeza.

14.20. No caso de detección de síntomas compatibles coa Covid-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informarase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase coa súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible. Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tal fin, que deberá ser coñecido polos responsables e persoal do comedor independentemente do réxime de xestión.

## **14.MEDIDAS ESPECIFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS**

### **Tecnoloxía**

A aula de tecnoloxía non permite manter as medidas de protección para o alumnado polo que este ano faranse as actividades na aula ordinaria adaptando os proxectos.

### **Informática**

A aula de informática é un espazo de uso común no que se desenvolven actividades das materias de Tecnoloxía (2º, 3º e 4ºESO), TIC (4ºESO), Matemáticas aplicadas (4º ESO) e Ciencias aplicadas á actividade profesional (4º).

As tarefas para manter a aula en condicións hixiénicas dacordo co Protocolo COVID serán as seguintes:

- Ventilación da aula nos intres previos a cada clase, tras a limpeza de equipos informáticos (Teclado, rato, pantallas...) e da propia mesa e cadeira.
- Realizar a entrada na aula tras facer ringleira mantendo a distancia de 1,5m no corredor.
- Permanencia do alumnado na súa cadeira durante a sesión.
- Os derradeiros 10 minutos de clase procederase ao inicio da ventilación e da limpeza dos equipos, mesa e cadeira por parte do profesor.
- A saída do alumnado farase de xeito individual, para manter en todo momento a distancia de seguridade interpersoal. No caso en que houbera dúas clases seguidas, espazaríase no tempo co alumnado da clase seguinte.
- Nas materias nas que non se empreguen os equipos portátiles, estes permanecerán gardados no pupitre. No caso en que fose preciso o seu uso (polo emprego das TICS en traballos de investigación) seguirase a hixienización anteriormente indicada.

## **Regulación do proceso de cambio de aula ou visita a aula especial ou espazos de uso educativo.**

Intentarase sempre que sexa posible minimizar os espazos de uso educativo compartido. Estes espazos terán sempre una previsión de uso que deberá ser coñecida por todos os profesores que fagan uso de ditas instalacións. Sempre cando o alumnado se dirixa a elas circularán polo centro sempre pola dereita e cando se teña a certeza que o espazo está libre e pasou o tempo necesario para a súa aireación.

## **Normas de uso da biblioteca.**

Debido a que a biblioteca é un espazo de uso compartido por máis dun grupo de alumnos e para evitar complicación derivadas da manipulación dos libros establécese que únicamente o responsable da mesma poderá manipular os libros. O alumnado indicará o responsable o libro que quere e será este o que realice todo o proceso de entrega. No caso de que sexa una devolución, o libro pasará un período de cuarentena para garantir a súa desinfección. O profesor que faga guarda de biblioteca lavará e desinfectará as mans cando así o precise.

## **Grupos de aseos**

Haberá profesores facendo garda nos corredores do centro para evitar que os alumnos de distintos grupos se mesturen nos aseos.

- O aseo situado na planta baixa o máis próximo as clases de Educación Infantil será de uso exclusivo para este alumnado.
- No mesmo andar, o aseo máis próximo ao ximnnasio será para o alumnado de 3º da ESO.
- No 2º andar haberá un aseo para os grupos de 4º da ESO e 6º de EP e outro para os grupos de 1º e 2º da ESO. Cada grupo usará o aseo máis próximo a eles.
- No último andar os grupos de 3º, 5º, EE e Relixión usarán o seu aseo máis próximo e os outros grupos 1º, 2º e 4º de EP o aseo restante.
- Durante os recreos de patio, utilizaranse tamén os aseos dos vestiarios exteriores que serán hixenizados despois de cada uso. Informarase ao resto da

comunidade educativa deste feito e haberá nos recreos un mestre facendo gardia no recibidor do centro para asegurarse que así sexa.

No interior de todos os aseos haberá diferenciación para nenos e nenas.



## **15.PROTOCOLO PARA AS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA.**

Dende o CPR Ayala e o Departamento de Educación Física, tendo en conta as directrices establecidas na guía presentada polo Consello Xeral da Educación física e Deportiva e de acordo coas Recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 6/07/21 de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, realizouse o seguinte documento co fin de ofrecer pautas e recomendación para facilitar a incorporación e o desenvolvemento das clases de Educación Física dunha forma segura para os escolares, docentes, centro e familias, partindo dunha planificación profunda e rigorosa e cumprindo os obxectivos académicos e de sociabilidade.

### **15.1. Importancia da Educación Física na promoción da saúde.**

Como resultado da situación vivida nos últimos meses, parte do alumnado podería haber experimentado problemas físicos, psicolóxicos, de ansiedade, de depresión, illamento social, etc.

No ámbito da saúde física, diferentes estudos falan dun empeoramento dos hábitos relacionados coa práctica da actividade física e a alimentación. No que se refire a Educación Física, o complexo contexto que rodea a esta materia que difire moito en relación as outras materias (espazos, actividades, movemento, interacción, materiais e equipamento) fai necesario que se xeren procedementos específicos que garantan a seguridade e o benestar do alumnado e do persoal docente, minimizando os riscos e posibilitando a Educación Física de calidade.

E de sobra coñecido os beneficios da Educación Física, do exercicio e do deporte, desempeñando un papel fundamental e que permite un desenrolo integral do alumnado. Por iso, debemos garantir que se imparta de forma segura e responsable, co principal fin de que acaden as competencias clave e fomentar e promocionar a saúde e o benestar, xa que dende esta área podemos mellorar o sistema inmune do alumnado (Sallis 2020), portodo isto consideramos que a nosa materia ten unha relevancia máis importante e útil ca nunca.

## **15.2. Medidas xerais para minimizar os riscos nas sesión de Ed. Física.**

Neste apartado explicaremos as medidas preventivas e de hixiene que debemos poner en marcha para poder levar a cabo a “nova normalidade” da clase de Educación Física.

Estará estruturada nos seguintes apartados:

### **Antes da clase de Educación Física.**

- Toda as clases serán impartidas na pista cuberta ao aire libre. En caso de que non se puidese levar a cabo por inclemencias meteorolóxicas, levaríase a cabo na aula, onde se impartirían contidos teóricos ou alternativos.
- Coller na aula a súa botella individual, a cal debe ter posto o nome.
- O uso da máscara será obrigatoria en todo momento.
- Desinfección das mans a saída da clase.
- Baixar de maneira ordeada e mantendo a distancia mínima de seguridade ata chegar á pista.
- Situarse na pista nas zonas delimitas para a practica do exercicio.
- Darase preferencia ás actividades e exercicios individuais.
- En caso de uso de material, estará todo numerado, de maneira que sempre se utilice o mesmo, será entregado polo profesor, e desinfectarase a hora de entregalo. Daráselles papeis para poder desinfectalo, o profesor será o que manipule o desinfectante. Proponse como alternativa, no caso de dispor de material persoal relativo a Unidade Didáctica desenrolada, poder traelo e deben levalo de novo para a casa, onde deberán desinfectalo.
- No caso de levarse a cabo actividades física grupais, traballaremos con grupos estables (máximo 5 alumnos que poden compartir entre eles o material) ou a través de parellas fixas.
- Esta prohibido a entrada no cuarto do material, só pode acceder a él, persoal docente.
- 

### **Durante a clase de Educación Física.**

- Manter a distancia mínima de seguridade.

- Uso obrigatorio da máscara en todo momento, salvo que o profesor o indique. No caso de dificultade respiratoria ou incomodidade, polo uso da máscara, solicitar ao profesor, a posibilidade de poder sacala, debendo facelo nas zonas de descanso, que están delimitadas e sinalizadas con carteis, nas esquinas da pista deportiva, as cales se encontran afastadas dos lugares onde se levan a cabo as actividades físicas. Estas zonas esta situada a unha distancia superior os 2 metros.
- Non intercambiar material en ningún momento, o alumnado debe concienciarse de que só pode manipular o seu material.
- Non debemos tocar a cara, o nariz, nin os ollos coas mans.
- No caso de ter que sacar a máscara, sacala e poñela de maneira correcta.
- Se tosemos ou esbirramos, debemos realizalo no cóbado.
- No caso de tirar fortuitamente material colocado (non manipulalo), avisar ao profesor, para que sexa este quen o coloque.
- Usarase como baño o que esta, na caseta do material.

#### **Despois da clase de Educación física.**

- Unha vez rematada a clase, se utilizamos material débese desinfectar, antes de gardalo.
- Regresaran a zona asignada ao comezo da clase.
- Desinfectarase as mans antes de entrar no centro.
- Regresarase pola porta e o carril asignado a súa clase, mantendo as distancias mínimas e de maneira ordenada.

Solicitouse o uso de varias instalacións do Concello, que están situadas preto do centro educativo (pista verde, Campo de fútbol “La Estrella” e polideportivo “Da Serra”). Serán utilizados polos alumnos de secundaria, sempre e cando o tempo acompañe e que haxa coincidencia na pista con primaria ou infantil. Co principal obxectivo de reducir o número de alumnado realizando práctica deportiva, na pista do centro escolar.

En caso de usar algunha das instalación do Concello, mostrarase preferencia polas instalación o aire libre.

### 15.3. Alternativas ante outros escenarios.

Ante un posible retorno a ensinanza telemática ou se se levase a cabo unha actividade lectiva mixta, teremos en conta na nosa Programación Anual incluír propostas dixitais integradas nas diferentes Unidades de Educación Física.


Utilizaremos a nosa aula virtual para fomentar actividades interactivas, nas que poderemos levar acabo actividades tales como:

- Charlas e entrevistas virtuais a deportistas ou personalidades relacionadas coa actividade física.
- Levar a cabo actividades que abarquen todo a diversidade do noso alumnado.
- Rutinas de adestramento, co fin de ter o noso alumnado activo.
- Fomentar o traballo de búsqueda, investigación e reflexión crítica por parte do alumnado, de acordo a etapa e as características a que vaia dirixida.
- Retos deportivos para o noso alumnado.

### 15.4. Resumo



## PROTOCOLO ANTICOID-19 EDUCACIÓN FÍSICA

D  
U  
R  
A  
N  
T  
E




**5**

Non intercambies o material con ninguén.



**6**

Mantén en todo momento a distancia interpersonal, de 1,5 m.



**7**

Non toques a cara, o nariz e os ollos coas mans



**8**

Si toses ou esbirras faino no cóbado




## PROTOCOLO ANTICOID-19 EDUCACIÓN FÍSICA




D  
E  
S  
P  
O  
I  
S



**9**

Limpar o material.



**10**

Diríxete a zona asignada polo teu mestre.



**11**

Limpar as mans con xel hidroalcohólico.



**12**

Regresa a túa clase polo carril e a porta asignada.




## 16.MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

### Determinacións sobre o horario do recreo

No noso centro os recreos de Educación Infantil/ Primaria e Educación Secundaria non coinciden na mesma hora, EI e EP teñen o recreo as 11.30h e ESO as 12.20h.

Para evitar aglomeracións, os recreos organizaranse de tal maneira que nunca coincidan no patio todos os grupos dun mesmo ciclo educativo. Para iso os grupos baixarán semanalmente ao patio por quendas mentras outros grupos fan recreo na aula baixo a supervisión dun profesor. A totalidade do espacio exterior do colexio dividirase para evitar que os grupos que baixan ao patio se mezclen con outros grupos e cada grupo estará baixo a supervisión dun profesor de garda.

Intentando manter sempre os grupos de alumnos como grupos estables de convivencia, é dicir, grupos que non teñen contacto con nenos doutros grupos, organizaranse os recreos do seguinte xeito.

- Educación Infantil: aproveitaran os espazos dispoñibles no centro para facer os recreos.
- Educación Primaria: para conseguir que os nenos dispoñan de algo de tempo de lecer no exterior tódolos días, dividirase o tempo de recreo en dúas quendas de 15 min. En cada quenda haberá no patio tres grupos separados e vixiados cada un por un profesor de garda, mentras os outros tres cursos permanecen na aula.
- Educación Secundaria: o tempo de recreo dividirase igualmente en dúas quendas de 15 minutos. En cada quenda haberá no patio tres grupos separados e vixiados cada un por un profesor de garda, mentras os outros tres cursos permanecen na aula.
- A merenda farase na quenda de recreo na aula para poder garantir así a distancia de seguridade e as medidas de hixiene. O alumnado fará unha desinfección de mans antes de quitar a máscara e despois de volver a poñela. Además, unha vez rematado o tempo de merenda, farase unha desinfección das mesas por parte dos alumnos.

### Organización dos recreos por cursos en EP

Quendas	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
1ª horario: 11.30h-11.45h	1º, 2º, 3º	1º, 2º,3º	1º, 2º,3º	1º, 2º, 3º	1º, 2º, 3º
2ª quenda: 11.45h-12.00h	4º, 5º,6º	4º, 5º, 6º	4º, 5º 6º	4º, 5º 6º	4º, 5º, 6º

### Organización dos recreos por cursos en ESO

Quendas	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
1ª horario: 12.20h-12.35h	3º e 4º	3º e 4º	3º e 4º	3º e 4º	3º e 4º
2ª quenda: 12.35h-12.50h	1º e 2º	1º e 2º	1º e 2º	1º e 2º	1º e 2º

## **17.MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

En Infantil establece unha serie de pautas e variacións con respecto a cursos anteriores que permitan minimizar, na medida das nosas posibilidades, o risco de contaxio e propagación. As características dos nenos e nenas nesta etapa evolutiva invitan á experimentación, ao intercambio social e afectivo, e á liberdade, entran de cheo, en conflito coas medidas de seguridade para evitar contaxios.

Non renunciar a esas características ao mesmo tempo que tentar minimizar os riscos, é algo complexo e tentarase facelo do seguinte xeito:

### **Asemblea:**

No canto de facela todo o alumnado sentado e xunto, realizarase cos/as nenos/as sentados/as no seu lugar nas mesas, excepto os/as encargados/as de levar a cabo as rutinas iniciais, que ocuparán a zona que se destinaba a todo o grupo. Dentro desas rutinas habituais incluírase a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas de xeito lúdico, así como a hixiene correcta de mans. Nestas aulas o dispensador de xel está na parede ao carón da porta e ao alcance dos/as nenos/as. Para momentos de apuro ou nos que vexamos que supón un peligro polo uso indebido dos máis pequenos, teranse dispensadores a cargo dos/as mestres/as, que serán os/as responsables del e os/as que o distribúan cando sexa necesario.

### **Colocación do alumnado / agrupamentos:**

Variará a distribución do alumnado na aula, que en vez de estar nunha mesa en gran grupo ou en agrupamentos flexibles en función das actividades a realizar, pasarán a colocarse en grupos de 4 ou 5 alumnos/as en función do alumnado total da aula. Os grupos serán estables, e terán unha duración determinada atendendo ás necesidades que vaian xurdindo, aproveitando os períodos de vacacións para poder facer cambios, e tratarase de reducir a interacción global entre grupos.

### **Recantos:**

- O material dos recantos reducirase ao imprescindible e eliminaranse aqueles obxectos susceptibles de levar á boca.



- Antes de ir aos recantos realizarase unha limpeza de mans e unha vez finalizados repetirase esta acción. É importante o traballo de concienciación para que non leven obxectos e mans á boca.
- Valorarase a posibilidade de empregar máscaras para ir aos recantos. Desinfectarase as pezas e materiais diariamente empregando produtos axeitados sendo moi conscientes da necesidade dunha ventilación correcta da aula.

#### **Uso de baños:**

- Despois de cada uso, tentarase pasar un pano de papel con xel hidroalcohólico para a súa desinfección.
- A maiores, realizarase a limpeza e desinfección completa tres veces por xornada lectiva, como indica a norma xeral do protocolo.

#### **Uso de máscara:**

- Aínda que a normativa non a esixa a estas idades, cremos que o emprego da mesma en espazos comúns será beneficioso, tanto a nivel de protección como para xerar un hábito moi recomendable, especialmente no grupo de 5 anos.
- Será labor conxunto de familias e escola traballar os hábitos correctos para colocalas e quitalas de xeito adecuado, así como a maneira de gardalas na funda.

#### **Material:**

- Será importante que haxa unha funda para as máscaras.
- Material común: colocarase en gabetas exclusivas para cada grupo. Antes do emprego de material común procederase á limpeza de mans e posteriormente, desinfectarase.
- Haberá material de uso individual, que estará gardado no ficheiro, no estoxo ou en caixas e bolsas co nome ou a foto de cada neno/a.
- Traerán e levarán diariamente o mandilón posto para que poida ser lavado diariamente na casa.

**Merenda:**

- Realizarase na aula e coa axuda do profesorado, como xa estabamos a facer, procurando fomentar o maior grado de autonomía posible segundo as características de cada grupo de idade.
- Este curso será máis importante ca ningún outro respectar as merendas que se propoñan no calendario ao inicio de curso, para anticiparnos mellor ao tipo de axuda que vai requirir o grupo.
- Terán que traer diariamente unha botella de auga co seu nome rotulado na mochila coa merenda.